ANUNCIO

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NA SESIÓN ORDINARIA QUE TIVO LUGAR O DÍA 28.11.2011.

1.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 21.11.2011.

2.- Contratación do servizo de mantemento de programas de xestión da Policía Local. Aprobación e apertura da licitación.

3.- Revisión de prezos pola prestación do servizo municipal de recollida, retirada, transporte, depósito de vehículos e outros obstáculos da vía pública correspondente ao período 2011-2012 solicitada pola empresa Setex Aparki, S.A.

4.- Realización e execución do proxecto de atención familiar no Concello de Pontevedra. Requirimento de documentación.

5.- Solicitude da empresa "AISLAMOS, S.L." de pago de parte dos traballos e subministros realizados para a empresa "SOLUCIÓNS INTEGRAIS DE ENXEÑERÍA CIVIL, S.L." no marco da obra de "Acondicionamento de baixo no Pazo da Cultura".

6.- Incoación de expediente sancionador polo desenvolvemento de actividade musical no local sito na rúa Barón nº 6 baixo, sen contar coa preceptiva licenza municipal previa que o lexitimase.

7.- Incoación de expediente sancionador polo desenvolvemento de actividade musical no local sito na rúa Puente nº 10, sen contar coa preceptiva licenza municipal previa que o lexitimase.

8.- Rogos e preguntas. Non se presentaron.

ASUNTOS URXENTES.- Previa declaración de urxencia, en forma regulamentaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos para o seu coñecemento, debate e votación:

A) Modificación das delegacións de competencias da Xunta de Goberno Local.

B) Ampliación rede de auga potable en Matalobos-Salcedo: aprobación do plano de seguridade e saúde.

Pontevedra, 28.11.2011.

O ALCALDE,

Miguel Anxo Fernández Lores.